

É o aniversario de Coala,
e todo o mundo está a pasalo en grande.
Pero hai quen non sabe usar o baño moi ben...
Pode Elefanta aguantar o pis ata que remate a partida?
Foi Tucano ao baño antes de saír da casa?

*Un xeito divertido de que os máis pequenos
aprendan todos os trucos para ir ao baño.*



ISBN: 978-84-10074-52-1 www.nubeocho.com



Caca, peido, pis. Manual para ir ao baño



Susanna Isern

Mar Ferrero



Peido




Pis



Manual para ir ao baño

Susanna Isern Mar Ferrero





Caca, peido, pis. Manual para ir ao baño
Colección Somos8

© do texto: Susanna Isern, 2024
© das ilustracións: Mar Ferrero, 2024
© da edición: NubeOcho, 2024
© da tradución: Iria Carballo, 2024
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Caca, pedo, pis. Manual para ir al baño*

Primeira edición: Abril, 2024
ISBN: 978-84-10074-52-1
Depósito Legal: M-1379-2024

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

Caca Peido Pis

Manual para ir ao baño

Susanna Isern · Mar Ferrero



É o aniversario de Coala e, para celebralo, organizou unha gran festa na súa casa. Papá Coala preparou unha merenda deliciosa.

As festas son moi divertidas. Xúntanse os amigos, hai xogos, música, comida e refrescos. Pero ás veces xorden certas necesidades... e é bo ter en conta algúns consellos para non armar unha boa cando hai que ir ao baño.



Ás cinco comezan a chegar os convidados.

—Parabéns, Coala! —exclaman todos.

Pero Tucano entra con moita prása e corre ao baño sen tan sequera saudar.

—Que lle pasa? —pregunta Coala.

—Tucano ten moita gana de facer pipí —responde Xirafa.

—Vaia!, debería facelo antes de saír da casa.



A festa comeza e todos se divirten. Con todo, Elefanta está un pouco rara; mentres xoga ás cartas, as pernas báilanlle sen parar.

—Tes pipí? —pregunta Musaraña.

—Só un pouco —responde Elefanta—. Podo aguantar ata que remate a partida.

Aos cinco minutos Elefanta érguese dun chimpo.

—Rápido, rápido, que se me escapa —exclama mentres corre cara ao baño.

Pero xa é demasiado tarde. Ouh! Elefanta non chega a tempo.



Despois da carreira de sacos, Esquíó ten tanta sede que bebe dous vasos enormes de auga. Ao cabo dun tempo éntralle unha gana terrible de facer pipí.

—Onde está o baño? —pregunta.

—Cruzando o salón á dereita —indica Papá Coala.

Esquíó sae ás présas, chega ao baño e, sen pensalo, abre a porta!
Pero dentro atopa unha sorpresa...

—Perdón, non sabía que estaba ocupado.

Non esquezas
chamar antes de
entrar ao baño.



Coa entrada repentina de Esquíó, Gato leva un susto de morte.

—Ei, ti! Pecha a porta! —exclama.

Ponse tan nervioso que, á hora de apuntar, se despista e cae pipí sobre o váter e no chan.

—Vaia desastre... —murmura Gato—. Limpareino cun pouco de papel.



Durante a merenda, a Tartaruga éntalle moita gana de facer caca. Camiño do baño, atopa un cubo de Rubik.

—Que divertido! Tomareino prestado.

Tartaruga xoga e xoga co cubo, pero non consegue resolvelo e pasan os minutos. Non ten nin idea da fila que se está formando diante da porta!

